

# Edición monográfica de "Eirado" dedicada a Rosalía de Castro, na tvG2

23/02/2013 16:00



*O programa achegarase á figura dunha escritora imprescindible nas nosas letras, da que mañá fai o 176 aniversario do seu nacemento*

Santiago, 23.02.2013.- O programa "Eirado" ofrecerá hoxe unha edición especial dedicada a **Rosalía de Castro**, unha figura indispensable na literatura do século XX, da que fai mañá o 176 aniversario do seu nacemento, e cuxa obra máis emblemática, "Cantares Gallegos", considerado o primeiro gran texto da literatura galega contemporánea, fará 150 anos este 2013.

Para achegarse á figura de Rosalía de Castro, o espazo da tvG2 presentado por **Pemón Bouzas** contará coa colaboración do presidente da Real Academia Galega, **Xosé Luís Méndez Ferrín**; do presidente da Fundación Rosalía de Castro, **Anxo Angueira**, e da profesora de literatura **Mercedes Queixas Zas**, quen falará da análise de "Cantares Gallegos" na escola.

Os versos de Rosalía tamén serán protagonistas da música en vivo que esta noite ofrecerá "Eirado", que contará coa actuación de **Davide Salvado** interpretando "Negra Sombra", unha das cancións galegas máis versionadas.